

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 10 de xuño de 2026, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Mediante un Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 7 de abril de 2025, convocouse o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Persoal e Réxime Interior. Vista a proposta de resolución efectuada pola Comisión de Méritos con data do 10 de xuño de 2025 e de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer público o posto adxudicado definitivamente á funcionaria que se detalla no anexo, así como o posto liberado.

Segundo. Os prazos para efectos de cesamento e toma de posesión serán os establecidos na base sétima do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 7 de abril de 2025, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, dun posto de traballo do corpo administrativo no Servizo de Persoal e Réxime Interior, e empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



Terceiro. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Presidencia do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.	Adxudicataria	NIF
AP64	Administrativa/o	C	Administrativo	20	18.368,28 €	Marzoa Vázquez, María del Pilar	*** 8497**

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.
AP66	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.622,64 €

